

CRITERIOS RELATIVOS AOS PROGRAMAS DE INTERCAMBIO NO ESTRANXEIRO

(Aprobados na Xunta de Facultade do 3 de marzo de 2017)

I.- CRITERIOS DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS.

1.Enumeración de criterios.

A selección dos alumnos candidatos a participar nos programas de mobilidade estudiantil no estranxeiro levarase a cabo atendendo aos seguintes criterios:

Criterios de valoración:

- a) O expediente académico
- b) O coñecemento da lingua do país de destino
- c) Entrevista persoal

Criterio para a adxudicación de prazas:

- d) O curso de Grao e/ou número de créditos superados polo alumno na Titulación

2.Valoración:

2.1. Expediente académico.

2.1.1. Terase en conta a nota media do expediente académico do alumno, computado ata a última convocatoria pechada no momento de realizar a selección.

2.1.2. O extracto do expediente no que figure a nota media xa calculada será recabado da Secretaría de Alumnos do centro pola/s persoa/s encargada/s de efectuar a selección.

2.2. Coñecemento da lingua do país de destino.

2.2.1. Terase en conta o nivel acreditado de coñecemento do idioma empregado como lingua de ensino na universidade de destino.

Os coñecementos previos do idioma respectivo poderanse acreditar:

1º) Mediante a presentación de certificacións recoñecidas na convocatoria ou na normativa de Relacións Internacionais da Universidade.

2º) Mediante os resultados obtidos nas probas de idiomas organizadas polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo, nos termos previstos na convocatoria de bolsas Sócrates-Erasmus ou na convocatoria de que se trate.

No caso de idiomas para os que non estea prevista a realización de probas de nivel organizadas polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo, poderanse ter en conta calquera outros medios que (a xuízo do Responsable de Relacións Internacionais) acrediten debidamente o nivel de coñecemento da lingua de que se trate.

2.2.2. Esta valoración traducirase nunha puntuación de 0 a 10, segundo o seguinte baremo:

Nivel Alto: 7-10

Nivel Medio: 5-7

Nivel Baixo: 0-5

Coñecemento nulo: 0

2.3. Entrevista persoal.

2.3.1. A valoración dos motivos do alumno para realizar o intercambio, así como a idoneidade e aptitude do candidato para a realización do programa solicitado, levarase a cabo a través dunha entrevista persoal realizada por profesores integrantes da Comisión de Relacións Internacionais do Centro, designados por ésta a tal efecto, con cada un dos candidatos.

2.3.2. Esta valoración traducirase nunha puntuación de 0 a 10 en función do criterio dos profesores encargados de realizar a entrevista. A devandita puntuación resultará da valoración dos seguintes apartados:

I.- 70%-Circunstancias nas que o alumno acada o seu curriculum (traxectoria académica, anos empregados na consecución dos créditos e outras circunstancias destacables).

II.- 30%- Motivación para realizar o programa de intercambio solicitado.

2.3.3. O alumno que non se presente á entrevista terá unha puntuación de 0 neste apartado.

3. Ponderación dos criterios valorados en función do destino. Obtención da puntuación.

3.1. Os criterios anteriores serán ponderados de xeito diferenciado en función da universidade de destino de que se trate segundo a seguinte táboa, na que se indica (en valores porcentuais) a relevancia outorgada a cada un deles:

	TODOS DESTINOS, AGÁS ITALIA E PORTUGAL	DESTINOS ITALIA E PORTUGAL	PAISES LATINO- AMERICANOS
Expediente académico	40%	50%	60%
Coñecemento da lingua	30%	20%	0%
Entrevista persoal	30%	30%	40%

3.2. En tódolos destinos, agás para países latinoamericanos, valorarase o coñecemento da lingua inglesa. Nestes supostos poderá chegar a valorarse, de xeito ponderado, o

coñecemento do inglés ata un máximo do 1/3 do apartado correspondente ao coñecemento da lingua.

4. Selección de candidatos e asignación de prazas

Para a asignación das prazas aos solicitantes, é necesario ter en conta o seguinte criterio:

- O curso de Grao para o que se solicita a bolsa e o número de créditos superados polo alumno na Titulación.

O novo Grao en Dereito e Grao en Relacións Laborais, de acordo coas Memorias para a verificación dos respectivos Títulos, favorecen a mobilidade dos alumnos no cuarto curso (o Grao en Dereito) e en terceiro e cuarto curso (o Grao en Relacións Laborais). Por isto, é necesario establecer certas preferencias á hora de acceder ás bolsas dispoñibles. No Grao en Dereito os alumnos de cuarto curso terán preferencia sobre os alumnos de cursos inferiores, conforme ao favorecemento que consta na Memoria do Título. E no Grao en Relacións Laborais, os alumnos do terceiro e cuarto curso terán preferencia fronte aos de segundo.

Ademáis, no curso 2017/2018 optan tamén aos programas de mobilidade internacional os alumnos de 3º curso do PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito. Por iso, é necesario incluílos nos criterios de selección de candidatos e adxudicación de prazas con criterios temporais ata a completa implantación do PCEO.

Así mesmo, na valoración para a selección dos candidatos terase en conta o número de créditos superados polo alumno en supostos nos que poidan presentarse candidatos en igualdade de condicións.

De acordo co anteriormente exposto, a adxudicación das prazas realizarase atendendo aos seguintes criterios de selección para o curso 2017/2018:

1º) Para participar no programa de intercambio solicitado é necesario acadar unha puntuación igual ou superior a 5.

2º) En primeiro lugar asignaranse prazas aos alumnos de 4º curso de grao en Dereito e 4º curso de grao en RRLL. A continuación, asignaranse prazas, aos alumnos de 3º de grao en dereito e de 3º de PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito; en igualdade de condicións, e de 3º de grao en RRLL. A orde na adxudicación en igualdade de curso será a que se derive da puntuación obtida.

3º) As prazas restantes asignaranse a alumnos de cursos inferiores na orde de preferencia que se derive da puntuación obtida.

A asignación de destinos publicarase no taboleiro de anuncios do Decanato, sendo éste o medio de notificación, sen prexuízo da posibilidade dunha notificación persoal.

II.- CRITERIOS ACADÉMICOS PARA A ELABORACIÓN DO CONTRATO DE ESTUDOS DENTRO DO PROGRAMA DE MOBILIDADE ERASMUS

1.- Con carácter xeral, terase en conta o periodo de estudos normal que lle corresponda ao alumno.

A estos efectos, entenderase que o periodo normal de estudos comprende 60 créditos.

2.- As materias cursadas no estranxeiro deberán ter un contido *sustancialmente similar e unha duración semellante* ás que se pretenden convalidar na Universidade de Vigo.

3.- Non se poderán incluír no contrato de estudos materias pendentes, que xa foran cualificadas como suspenso polo menos unha vez na Universidade de Vigo.

No caso de asignaturas chave, atenderase ao disposto no Plan de Estudos.

4.- O número máximo de créditos *totales* obxecto de recoñecemento cursados ao abeiro dos programas de intercambio *no estranxeiro* será de 80 créditos, para titulacións LRU e 60 ECTS para os Graos.

5.- O recoñecemento da calificación obtida no estranxeiro gardará a debida correspondencia co sistema de calificacións da Universidade de Vigo.

En particular, para os países incluídos, estarase ao resultado de aplicar a seguinte tabla:

ECTS/ Numérica	F/FX Deficiente/ Insuficiente	E/D Suficiente/ Satisfactorio	C Bien	B Muy Bien	A Excelente
España 0/10	- 5	5-5.9	6-6.9	7-8.9	9 - 10 - M.H.
Italia 0/30	- 18	18 = 5 19 = 5.6 20 = 5.9	21 = 6.2 22 = 6.5 23 = 6.9	24 = 7 25 = 7.5 26 = 7.9 27 = 8 28 = 8.5	29 = 9 30 = 10 30 L= M.H.
Portugal 0/20	- 10	10 = 5 11 = 5.5	12 = 6 13 = 6.5	14 = 7 15 = 7.5 16 = 8 17 = 8.5	18 = 9 19 = 9.5 20 = 10
Francia 0/20	< 10	10 = 5 11 = 5.5	12 = 6 13 = 6.5	14 = 7 15 = 7.5 16 = 8 17 = 8.5	18 = 9 19 = 9.5 20 = 10
Alemania 5/1	5	4 = 5 3.5 = 5.5	3 = 6 2.5 = 6.5	2 = 7 1.8 = 7.5 1.7 = 8 1.6 = 8.5	1.5 = 9 1.3 = 9.5 1 = 10
Alemania 0/18	0-3	4 = 5 5 = 5.5 6 = 5.9	7 = 6 8 = 6.5 9 = 6.9	10 = 7 11 = 7.5 12 = 7.9 13 = 8 14 = 8.5 15 = 8.9	16 = 9 17 = 9.5 18 = 10
Reino Unido 0/100	- 40	40 = 5 45 = 5.5 49 = 5.9	50 = 6 55 = 6.5 59 = 6.9	60 = 7 61 = 7.25 62 = 7.50 63 = 7.75 64 = 7.9 65 = 8	70 = 9 75 = 9.20 80 = 9.40 85 = 9.60 90 = 9.80 95 = 10

				66 = 8.25 67 = 8.50 68 = 8.75 69 = 8.9	100 = M.H
Grecia 0/10	- 5	5-5.9	6-6.9	7-8.9	9 - 10 -
Rumanía 0/10	- 5	5-5.9	6-6.9	7-8.9	9 - 10 -
México Tecnológico Monterrey 0/100	-69	70 = 5.0 71 = 5.1 72 = 5.2 73 = 5.3 74 = 5.4 75 = 5.5 76 = 5.6 77 = 5.7 78 = 5.8 79 = 5.9	80 = 6.0 81 = 6.1 82 = 6.2 83 = 6.3 84 = 6.4 85 = 6.5 86 = 6.6 87 = 6.7 88 = 6.8 89 = 6.9	90 = 7 91 = 7.5 92 = 8 93 = 8.5 94 = 8.75	95 = 9.0 96 = 9.25 97 = 9.5 98 = 9.75 99 = 10 100 = M.H
México Guadalajara 0/100	-60	60 = 5 65 = 5.62	70 = 6.25 75 = 6.87	80 = 7.5 85 = 8.125 90 = 8.750	95 = 9.375 100 = 10